

"Luz verde" para a
Cidade Deportiva
Afouteza en Mos

Páxina V

Fase final das obras do
Consortio de Augas do
Louro en Tui

Páxina VI

Bus directo
Tui-Praia América

Páxina VI

Obradoiros de emprego
sustentable
en Salceda e Salvaterra

Páxina VII

Obras na Galiña Azul
e na Devesa

Páxina VII

O Muíño e Area Grande
non contarán co servizo
de socorrismo

Páxina X

Festa Gastronómica
do Miño en Tui

Páxina XI

A Deputación aproba
400.000 € para
Salvaterra, Cuntis e Oia

Páxina XIII



A oposición do Porriño tumba os Orzamentos do PP

Páxina III



Festa da Lamprea Seca en Arbo

Páxina XV



JJ Copas
Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos
Avda. Galicia
Ponteareas



Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

Julio Pérez Giráldez
Armería • Ferretería • Transportes
Rúa Progreso, 81 - 36880 A CAÑIZA
Tel /fax: 986 651 052. Móbil: 606 361 558
e-mail: julioperezgiraldez@hotmail.com

LOURINHA

O PORRIÑO

O Porriño apoia á mocidade no reto de conseguir o seu primeiro emprego

Porremprego acolleu as xornadas informativas sobre os programas que facilitan a inserción laboral da mocidade organizadas pola concellería de Emprego e Formación.

Máis de trinta mozos e mozas recibiron asesoramento sobre os programas Xuventude Mentoring, Garantía Xuvenil, Nó Rural, Xuventude Crea, mentoring de SERVEO Industria e Citic Censa da man de catro relatoras especializadas en programas de inserción. Teresa Bernal, Subdirectora Xeral de Programas para a Xuventude da Xunta de Galicia, Carmen Miranda, responsable de selección e desenvolvemento de SERVEO Industria, Iria Castellanos, Titara do programa Xuventude Mentoring CIXUG (Consorcio



Interuniversitario de Xestión Universitaria de Galicia) e Ana Alonso, mentora do Programa Xuventude Mentoring e Vice Directora de CITIC HIC Gándara Censa explicaron aos asistentes as diferentes ferramentas das que dispoñen para facilitar o acceso ao mundo laboral.

“Estas xornadas foron un lugar de encontro entre a mocidade que rematou os seus estudos e busca traballo e expertos en mentoring que lles explicaron polo miúdo os programas dos que dispoñen para axudalos”, explicou a concelleira de Emprego e Formación, Rosario Costas.

O Concello renova os parques infantís da urbanización Sol e de Orbenlle



O concello de O Porriño está estes días traballando na renovación do pavimento dunha das zonas de xogo do parque da céntrica urbanización Sol. O pavimento atopábase nun estado de conservación moi deficiente. “Instalarse un pavimento de céspede artificial con base elástica de polietileno reticulado que cumpre coa norma relativa aos sis-

temas de protección anticaídas”, explicou o alcalde, Alejandro Lorenzo.

Por outra banda, no parque de Orbenlle en Budiño, e dentro do plan de actuación de mellora dos 38 parques infantís do Porriño, procedeuse a retirar elementos deteriorados e instalar novos xogos que, por suposto, cumpren coa normativa vixente en materia de parques infantís.

Clausuradas as xornadas de envellecemento activo

O pasado 14 de xullo, o centro socio comunitario do Porriño acolleu a última das sesións do obradoiro de prevención do deterioro cognitivo “Cultiva a mente”, organizado polo Concello do Porriño en colaboración con AFAGA.

O alcalde, Alejandro Lorenzo, e as concelleiras Rosario Costas e Carolina González, acompañaron aos 16 participantes, todos eles maiores de 55 anos, e fixéronlles entrega dos diplomas acreditativos.

“O motor desta actividade son as relacións sociais, para manter



activa a memoria, aumentar a autonomía persoal, aliviar o estrés...en definitiva, mellorar a calidade de vida dos maiores e

contribuír ao benestar daqueles que dedicaron a súa vida a asegurar o noso”, explicou o alcalde, Alejandro Lorenzo.

ANTOMS



Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario 2-30-000020

PONTEAREAS
rúa san áncido, 4

CONFITERIA
Regino

Especialidade en
rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

O PORRIÑO

Melloras en centros educativos do Porriño aproveitando as vacacións estivais

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e a concelleira de Educación, Carolina González, veñen de informar das melloras que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia está a realizar en centros escolares do municipio aproveitando as vacacións estivais.

Trátase do CEIP Xosé Fernández López, CPI da Ribeira e IES Pino Manso e a inversión ascende a 344.240 euros.

No CEIP Xosé Fernández López renovarase a iluminación das instalacións cun orzamento de 86.228 euros. As antigas luminarias substituiranse por outras maior eficiencia, de tecnoloxía LED.

No CPI da Ribeira, en Tornei-



ros, estase a acometer a reforma da instalación de fontanería. Cun orzamento de 41.000 euros vanse substituír as tubaxes de ferro que compoñen a actual instalación e farase un colector

No IES Pino Manso instalárase un ascensor exterior para resolver

os problemas de acceso ao centro e eliminar barreiras arquitectónicas. As obras ascenden a 217.022 euros que se suman aos 1.155.187 euros que investiu a administración autonómica na reforma integral que se está a executar no centro.

Arqueólogos buscan no Porriño vestixios dos primeiros homes en Galicia

Un equipo de arqueoloxía busca no Porriño vestixios dos primeiros homes de Galicia. Os investigadores, liderados polos arqueólogos Eduardo Méndez-Quintas (Universidade de Vigo) e Manuel Santonja (prestixioso arqueólogo do Centro Nacional de Investigación sobre a Evolución Humana CE-NIEH), interveñen no xacemento das Gándaras de Budiño cun obxectivo principal: datar con precisión as pezas paleolíticas que agocha a zona da lagoa.

O estudo, que conta co apoio do Concello do Porriño, revelará se, como sospeitan os especialistas, nas Gándaras están os primeiros rastros de presenza humana en Galicia.

“Os xacementos das Gándaras



de Budiño sempre foron referentes en Galicia tras o seu descubrimento de Emiliano Aguirre no ano 1961”, explicou Eduardo Méndez, “Nese momento os avances científicos non permitían

datar con precisión, e o estudo que se fixo determinou que tiña unha antigüidade duns 26.000 anos cando estimamos que poderían ter unha idade que ronda os 300.000 anos”.

Oposición porriñesa tumba os Orzamentos 2022



A proposta do goberno de Alejandro Lorenzo (PPdeG) para aprobar os Orzamentos Municipais 2022 non obtivo o respaldo dos grupos da oposición (PSdeG-PSOE, UDDL, BNG, EU SON e Non Adscrito), que tildaron os mesmos de precipitados e non consensuados durante o pleno municipal.

As contas presentadas polo executivo local ascenden a 27.889.763 euros, dos cales 18.602.039 corresponden a actuacións esenciais financiadas con ingresos ordinarios e 9.287.724 euros a unha operación de crédito para inversións de primeira necesidade para a veciñanza como a acometida de rede de saneamento (3,5 M de euros), a dotación de vivenda

de protección oficial (2,5 M de euros) e a supresión do paso a nivel (3 M de euros).

A proposta foi elaborada tendo en conta a débeda pendente de pago que, a 31 de decembro de 2021, ascende a 10.105.887,11 euros. Unha cifra que se consolida cos 5,4 M de euros que se deben en facturación irregular rexistradas entre os anos 2017 e 2018, os 4,1 M de euros reclamados polo Concello de Vigo en concepto de explotación do canal de Eiras, e 543.000 euros para facer fronte ao pago de xustiprezos. Unha cantidade que, sumada ao gasto de funcionamento corrente dunha administración, impide realizar inversións de maneira sostible.

O Porriño recupera a formación en atención sociosanitaria e restauración

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade vén de notificar o seu respaldo ao proxecto de formación dual do Concello do Porriño “PORREMPREGO CUALIFICA”, que se traduce nunha achega de 504.000 euros para a súa posta en marcha. A formación será en dúas áreas de especial demanda:

Restauración e Atención a persoas dependentes.

Con este obradoiro de emprego 20 persoas desempregadas poderán beneficiarse de formación específica durante os próximos 12 meses, realizando de maneira simultánea un traballo remunerado de interese xeral e público en beneficio do Porriño.

OPINIÓ

Por Xoán Carlos Caballero Alonso

García Zorreras

Chamamos erroneamente telebasura a programas que contan as misedas de personaxes que venden a súa intimidade ao mellor postor. Os consumidores deste tipo de espectáculos, saben que nada do que alí sucede pode ser tomado en serio porque todo é tan burdo que ninguén o cre. A verdadeira telebasura é a formada pola meirande parte dos xornais, tertulias, medios e xornalistas que son considerados referentes e de rigor, que aproveitando da confianza que lles outorga á súa audiencia, manipulan á opinión pública, sen importarlles para nada o dano que fan con tal de conseguir os seus fins que non son outros que procurar que o poder económico e político siga nas mesmas mans.

No plató de televisión de García Zorreras, atopábase Esopo cos ingredientes necesarios para escribir unha fábula de máxima actualidade, que sería útil para facernos reflexionar sobre feitos que non só acontecen aquí, senón que tamén, na meirande parte dos medios a nivel global.

Séntanse no curral, arredor dunha raposa, galiñas que pensan que están a alimentarse e moverse libremente. A cotío moitas delas gábana sen pudor xa que o penso escasea.



As que descubren que non están a ser criadas en campo aberto, senón nunha granxa industrial, e deciden alborotar o galiñeiro, son decapitadas sen piedade. As que toman a decisión de independizarse e montar o seu poleiro para cantar nun ton diferente ao seu, aplícanlles a lei do

silencio porque consideran que desafinan.

No curral van tomando a palabra as diferentes autoridades galináceas. Mentres cacarexan elas, democráticas, felices e contentas, a raposa relámbede as gadoupas, sabedora de que o que acontece na súa guarida está a empozoñar á macrogranxa, que ao outro lado do televisor observa

convencida de que é unha marabilla ter o privilexio de vivir nun país no que cada un pode opinar libremente sobre calquera tipo de tema.

Cando a audiencia está completamente adormecida e entregada, a raposa aproveita para abalanxarse sobre o galiñeiro. As aves desconcertadas non acertan a discernir si están sendo abducidas pola esquerda, dereita ou polo centro e sumisas agardan a que a besta lles crave os dentes.

Unha vez rematado o festín a raposa reúne cos seus superiores os voires, hienas e chacais para preparar novas es-

tratexias de ataque. Algunhas delas son burdas, segundo eles mesmos comentan, pero tanto lles ten, porque non agreden por fame, senón polo pracer de someter, de dominar e amedrentar.

Dende as súas plataformas, a pesares de que xa son de sobra coñecidos os seus intereses, seguen lanzando porcións de excrementos que flotando desprázanse polos sumidoiros. Entre eles pónense de acordo para evitar que a súa bazofia pase polos filtros das depuradoras, coa intención de contaminar ao maior número de habitantes. Liberarnos dos seus coliformes fecais non é doado, pero non podemos perder a esperanza de que algún día comecen a funcionar as estacións que depuran as augas residuais, para que a poboación poida facer un consumo seguro dun ben tan necesario para a normal convivencia.

A toda fábula correspóndelle unha ensinanza. Nesta ocasión gustárame que cada quen lle busque a súa propia, a que máis se axuste ao seu xeito de interpretar a realidade que estamos a vivir.



Saúde Ambiental

Por Francisco Peña. Fillo Predilecto de Ponteareas

A natureza de Ponteareas é saudable

Agradecer a invitación do editor deste xornal para escribir esta columna mensual "SAÚDE AMBIENTAL", iso me permitirá manter o contacto cos meus paisanos. Aproveito esta primeira incursión para valorar a natureza da nosa terra, que é preciso protexer e conservar, e mellorar na medida posible como legado para xeracións vindeiras.

O río Tea. É un afluente do río Miño, é a columna vertebral do territorio onde se asenta o concello de Ponteareas "A Vila do Corpus". O río Miño nace nas Serras do Suido, ten 50 km de lonxitude, baña os concellos de Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario e Ponteareas, e desemboca no río Miño, en Salvaterra de Miño. O río Tea é un LIC que forma parte da Rede Natura 2000 da Unión Europea, por ter un enclave de alto valor ecolóxico e medioambiental. Cabe destacar as especies migratorias como o salmón, a lamprea e a anguía; entre a fauna asociada pódese atopar o

picapeixe (martín pescador), o merlo reiro, o azor, o falcón, a lontra. Na beira do río



Tea podemos atopar unha gran variedade de árbores, entre as que abundan os amieiros, tamén o bidueiro, maior, freixo, carballo, roble, marrón. As beiras do río Tea sempre foron un lugar atractivo para os veciños de Ponteareas y para os veraneantes; cabe destacar a praia fluvial de

A Freixa como lugar de disfrute da natureza para relaxarse, dar un mergullo e compartir amizade.

Rutas de sendeirismo. Existen varias rutas interesantes que cabe destacar. O camino circular do baixo Tea, tramo desde a ponte dos Remedios ata a ponte das Partidas (9,38 km), a ruta é gratificante e sempre á beira do río Tea, e sendo plana é moi asequible para todo o mundo. O camilo do río Tea dende Ponteareas a Salvaterra do Miño (17 km moi doado de andar), é unha ruta fermosa, a excursión comeza desde a praia fluvial de A Freixa, segue o curso do río Tea augas abaixo e chega ao parque de A Canuda en Salvaterra do Miño, ao pé da ponte internacional que nos une co noso país veciño, Portugal; polo camino atopamos tres imaxes relevantes: a ponte dos Remedios, a ponte das Partidas e a ponte da Fillaboa. A ruta Ourelas do río Tea desde A Freixa ata a ponte de O Caneiro (11,4 km), que comeza en A Freixa, augas arriba, pasando por vellos muíños e rodeando os regatos de Cillarga

e Padróns ata chegar a ponte do Caneiro.

O pico de A Picaraña.

Ascende a 387 m sobre o nivel do mar, nas proximidades de Ponteareas e moi preto do mosteiro dos PP Franciscanos de Canedo. Dende o alto pódense ver fermosas panorámicas de todo o Condado e gran parte do Val do Tea, así como a vila de Ponteareas e as súas parroquias. Dende o pico máis alto pódese ver o castelo do Sobroso. Teño un grato recordo dos meus paseos por visitar enclaves naturais en Arcos: A Pena do Equilibrio e A Pena dos Namorados (‘dolmen’, é un monumento da natureza que ten a súa lenda e a súa historia). Recomendo facer o Roteiro dos Penedos da Picaraña (máis de 20 penedos de diversos tamaños, catalogados polos seus nomes orixinais e lendas atribuídas), é unha ruta de interese paisaxístico, paga a pena considerar tendo en conta a riqueza forestal del entorno e as formacións rochosas, penedos, que marcan o carácter de esta ruta circular, que comeza no cruceiro do barrio de A Serra (Arcos).



MOS

Presentación do proxecto de mellora da seguridade viaria e peonil da EP-2601 Mos-Puxeiros

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, e a deputada provincial, Victoria Alonso, xunto coa alcaldesa, Nidia Arévalo, o tenente alcalde e concelleiro de Vías e Obras, Camilo Augusto, demais membros da Corporación Municipal e representantes da Comunidade de Montes de Mos e Fundación Pazo de Mos, estiveron presentes no acto para presentar o proxecto de 'Mellora da seguridade viaria e peonil da EP - 2601 Mos - Puxeiros'.

A primeira fase da humanización, agora presentado, transcorre

pola parroquia de Mos no tramo desde o cruce coa estrada nacional 550, no punto quilométrico 0+020, ata o cruce co colexio Mestre Martínez Alonso de Castro-Mos, no punto quilométrico 0+600. Ademais desde o Concello destácase a importancia de que desde a administración provincial se aceptase a proposta municipal de recuperar tamén o antigo tramo da estrada provincial que transcorre por diante do Cristo da Esperanza e que vai desde a N500 ata a Pesqueira.

As accións que se levarán a cabo no vial son basicamente as

seguintes: mellora da mobilidade peonil mediante creación da senda. Adaptación da drenaxe á nova alíñación proxectada. Execución dos servizos urbanos necesarios: soterramento de iluminación, rede eléctrica e de telecomunicacións. Execución do pavimento da nova ordenación utilizando xabre, formigón, lastra, baldosas e laxas de pedra. Reforzo do firme da calzada no vial municipal mediante fresado e reposición da capa de rodadura. Reinstalación da sinalización vertical e horizontal adaptada á nova ordenación do ámbito e instalación de mobiliario urbano.



Renovarase por completo a iluminación do vial, mediante o soterrado da liña e a instalación de novos puntos de luz con lámpadas led para mellorar a eficiencia enerxética da rede.

O prazo de execución previsto para as obras é de seis meses.

O importe da actuación ascende a un orzamento total de 446.545,39 €. Os investimentos

serán financiados polas achegas da Deputación de Pontevedra 312.581,77 € (70%) e Concello de Mos 133.963,62 € (30%).

O proxecto da segunda fase da humanización, que beneficiará ao tramo da estrada Puxeiros-Mos que transcorre pola parroquia de Dornelas, atópase en proceso de redacción por parte dos técnicos da Deputación.

Plan Hurbe da Xunta en Mos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou en Mos que os 7 millóns de euros do Plan Hurbe previstos para este ano darán un novo pulo ao "fermosismo" e afondarán na colaboración institucional en materia urbanística.

O titular do Goberno galego, acompañado pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, comprobou as melloras que se levaron a cabo na contorna da igrexa de San Mamede de Torroso cunha inversión de 315.000 euros que permitiron actuar en 2.700 me-



tros cadrados para, entre outras cuestións, substituír o asfalto por pavimento de pedra, renovar

o alumeadado público ou levar a cabo a drenaxe do espazo e das zonas axardinadas.

"Luz verde" para a Cidade Deportiva Afouteza en Mos

O Pleno do Concello de Mos aprobou en sesión ordinaria o Plan especial de infraestruturas e dotacións para instalacións deportivas do Real Club Celta de Vigo, S.A.D. A aprobación definitiva do Plan produciuse por maioría, contando cos votos a favor do equipo de goberno local e dos concelleiros non adscritos, Verónica Costas e Román González. Os demais grupos, PSOE, Gañamos e BNG votaron en contra.

Trátase da aprobación definitiva do devandito plan que "supón

un paso máis cara ao futuro da Cidade Deportiva Afouteza", segundo declara a alcaldesa mossense, Nidia Arévalo. O Plan Especial aprobouse inicialmente en Xunta de Goberno Local fai meses. Trámite tras o cal someteuse ao pertinente período de exposición pública presentándose tan só 3 alegacións durante a mesma. Conta ademais con todos os informes sectoriais favorables (tanto os de Montes, Medio Ambiente, Patrimonio ... etc. da Xunta de Galicia; como os estatais de AESA e Confederación Hidrográfica).



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

BAIXO MIÑO

Fase final das obras do Consorcio de Augas do Louro en Tui



O Presidente do Consorcio de Augas do Louro, Alejandro Lorenzo, e o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, visitaron as obras de remodelación da potabilizadora de As Chans para comprobar o avance das obras.

As obras permitirán ao Consorcio dispoñer dunhas instalacións que garantan en todo momento a calidade da auga potabilizada e que darán cumprimento á normativa vixente sobre almacenamento de produtos químicos. Estas actuacións supoñen unha inver-

sión de 93.14,54 €, financiada con recursos propios do Consorcio, cunha inversión adicional de 47.994,75 € para a substitución da cuberta de tella e remodelación da estrutura metálica.

Deste xeito dáse continuidade ás obras de grande renovación levadas a cabo polo Consorcio entre os anos 2014 e 2018 nesta potabilizadora. O importe total das inversións levadas a cabo polo Consorcio no Concello de Tui dende 2014 ascende a preto de 615.000 €.

Bus directo Tui-Praia América

Entrou en funcionamento a liña directa de autobuses entre Tui e Praia América, de luns a domingo, cunha viaxe de ida será ás 12:00h e o regreso ás 19.00h e 40 minutos de duración.

Este novo servizo é activado pola Xunta de Galicia tras a petición realizada dende o Concello de Tui. Manterase dende o sábado 30 de xullo até finais do mes de agosto. Deste xeito dende Tui contarase cunha conexión directa con praia América en Ni-grán.

Os servizos estarán activos durante os meses de xullo e agosto para facilitar os desprazamentos á praia desde Tui, que



non contaba con conexións directas en transporte público. Os menores de 21 anos poden viaxar gratis empregando a tarxeta Xente Nova.

O documental "O Gran Camiño" chega a Tomiño

O multipremiado documental "O Gran Camiño" chega este 5 de agosto á praza de Goián, dentro do ciclo Cine na Rúa, organizado pola Concelaría de Cultura do Concello de Tomiño dentro da Axenda de Verán 2022.

'O gran camiño' é un documental que fomenta a exploración, tanto na parte física, cos seus protagonistas viaxando a diferentes lugares do mundo, como na psi-

colóxica. Destacan así o Pacific Crest Trail, un dos sendeiros máis extremos dos EEUU, o misterioso Camiño Inca a Machu Picchu, a ancestral ruta do Kumano Kodo entre grandes templos xaponeses, ou o europeo Camiño de Santiago.

A cinta gañou máis de 20 premios internacionais en 2021, ano da súa presentación e chegou a ter 6 nomeacións nos Premios Goya de Cine.



Obradoiros de emprego sustentable en Salceda e Salvaterra

As alcaldesas dos concellos de Salceda de Caselas, Verónica Tourón, e de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, clausuraron o 22 de xullo o obradoiro de emprego “Sustentable”.

O obradoiro Sustentable empregou a 20 persoas dos dous concellos, e contou con dúas actuacións, unha na especialidade de Servizo de limpeza e xestión de residuos urbanos, no que se realizaron tarefas de limpeza e mantemento de superficies e mobiliario en edificios e locais municipais, e outra actuación na especialidade de Forestal, no que se puxo en valor o parque forestal Monte Castelo, na parroquia de Pesqueiras, no Concello de Salvaterra.

O obradoiro formou a 10 persoas no ámbito da limpeza, nos certificados de profesionalidade SEAG0209 Limpeza en espazos



abertos e instalacións industriais, e SEAG0108 Xestión de residuos urbanos e industriais e a outras 10 persoas no ámbito forestal nos certificados AGAR0108 Aproveitamentos forestais, AGAR0309 Actividades Auxiliares en conservación e Mellora de Montes e (AGAR0209) Actividades auxiliares en Aproveitamentos Forestais.

Para levar a cabo o proxecto contratouse persoal directivo,

docente e de apoio, en total cinco profesionais, que xestionaron e executaron o proxecto dende o propio CDL O Torrón en Salceda, levando a cabo a primeira etapa do proxecto que foi a formativa, complementada cunha segunda etapa de alternancia de traballo e práctica profesional nos dous concellos, para así recibir unha formación profesional adecuada á ocupación elixida.

Colaboración Social coa Escola de Fútbol Denis Suárez

Nos pasados meses a Concellería de Servizos Sociais e a Escola de Fútbol Denis Suárez reuníronse para levar adiante un proxecto de axuda para as familias máis vulnerables do noso concello.

Na actualidade, o departamento de Servizos Sociais do concello conta con 29 menores con expediente aberto en situación ou risco de exclusión social.

A Escola xa participou con anterioridade en axudas ás familias de Salceda, no inicio da pandemia Denis Suárez fixo entrega dun donativo para a distribución de cheques para alimentación básica, prazas gratuítas para o Campus que a Escola realiza todos os veráns e no último Nadal facéndose cargo da compra de agasallos de Reis para os menores vulnerables.

A todas estas accións súmase



agora o Programa de Apadrinamento de Accións Sociais.

Os obxectivos son: participar no desenvolvemento integral dos

menores de familias en situación ou risco de exclusión social, participar en diminuír a brecha educativa que existe entre os menores en idade escolar, investir en garantir unha alimentación sa e equilibrada de menores en situación de vulnerabilidade, cubrir as necesidades de libros e material escolar de menores en idade escolar non obrigatoria, apoiar aos menores en risco para que poidan ter un espazo seguro lúdico.

Haberá para iso varias accións como comedor escolar, ludoteca, apoio escolar, a escola en igualdade e campamentos diúrnos de verán.

Dende o concello queremos agradecer o compromiso da Escola Denis Suárez coa poboación máis vulnerable da nosa vila e a súa preocupación polo benestar dos menores en prol da igualdade de oportunidades.

Un Verán para a infancia



O Concello de Salceda de Caselas realizou a través da Concellería de Infancia a actividade “Rastros e Pegadas” dentro do Programa de Actividades “Un verán para a Infancia”, que permitiu pasear pola contorna da senda do río Caselas cunha alta participa-

ción.

Toda vez tamén levouse a cabo o curso de natación durante o mes de xullo, facéndose entrega ás 110 persoas participantes, nesta primeira quenda, dos diplomas que acreditan as competencias adquiridas neste intenso mes de aprendizaxe.

Obras na Galiña Azul e na Devesa



O Concello de Salceda acomete ao longo deste mes de agosto as obras de mantemento na Galiña Azul, para que os nenos e nenas gocen das instalacións nas condicións máis óptimas coa volta a clases o vindeiro mes de se-

tembro.

Igualmente continúan as obras de rehabilitación integral do Centro Social de A Devesa, realizadas grazas ao convenio do Plan Reacpon asinado entre a Deputación de Pontevedra e o Concello.

Subvencións para Comunidades de Augas

Foron convocadas as subvencións municipais en réxime de concorrencia competitiva ás Comunidades de Usuarios e usuarias de Augas de Consumo do Concello de Salceda de Caselas para a realización de melloras das instalacións durante o ano 2022.

As entidades beneficiarias po-

derán recibir como máximo o 70% do orzamento presentado sobre os gastos subvencionables, con un máximo de 5.000 euros por cada Comunidade. A concesión de axudas conta con un orzamento total de 30.000 euros. Pódense presentar solicitudes nos 15 días seguintes ao 2 de agosto.

BAIXO MIÑO

Vive, sinte e disfruta das Festas do Monte Trega

Por Juan Louzán

Aínda que a pandemia non impediu por completo o desenvolvemento do programa das Festas do Monte, entre a dor polos seres queridos que nos abandonaron prematuramente polo Covid-19, e a melancolía de sentir e vivir coa intensidade habitual o máis enxebre do Baixo Miño, por fin imos vivilo, desfrutalo e gozalo ata caer esgotados sobre o noso colchón. Despois de desvincularse das Festas de San Caetano, e das súas verbenas e sardiñadas, temos ata o 15 de agosto os de Monte, declaradas de interese turístico de Galicia, cunha ampla e grande oferta de eventos: grupos de gaitas percorrendo a Vila, diversos atractivos musicais, deportivos, pictóricos, como o da artista guardesa, Chuni Vázquez; desfile folclórico estrela das festas, masiva romaría popular ou xantar no cume do Monte Trega, con baixada ao solpor para cear no Parque do Cancelón, e o luns 15 a media noite, a alegría no porto da Guarda de ver o solemne lanzamento de fogos de luces dende a base do espigón.

As verbenas da Alameda serán unha das máis atractivas para guardesas e miñotas de Salcidos e Camposancos, dado que estarán



amenizadas por famosas orquestras galegas.

Outro punto atractivo desta maravillosa Romaría, pola súa diversidade folclórica e grupos convidados de países do Este Europeo, no Auditorio Público de San Bieito. O prato forte da programación sitúase na fin de semana do 13 e 14, co gran desfile o sábado e o Xantar o domingo.

A festa de San Caetano ten un gran mérito non só pola plena e exitosa xestión levada a cabo pola súa Comisión, senón tamén porque é a que quenta os motores das Festas do Monte, e por iso, o luns día 8, os desfiles comezan a percorrer as rúas con gaitas,



bombos e pandeiretas, recuperando a nostalxia gardada no baúl das lembranzas grazas tamén ao volanteiro "Piueiro" e á súa tripulación, por facer posible que moitos recuperen eses instintos naturais mariñeiros cada vez que parten do porto Guardés a toda vela Rosalía de Castro.

Despois da Festa da Langosta, O Carme, Peixe Espada e San Caetano, a Romaría do Monte, no seu 109 aniversario (1913), tendo en conta que durante os anos da Covid-19 moitos dos actos celebráronse en familia, nas rúas e grupos privados na vía pública, e nas portas dos bares, coa emoción reprimida e as obrigatorias normativas sanitarias.

Marisco, carne e peixe xa están en corentena reservados nos conxeladores para devorar entre os piñeiros e eucaliptos do Trega. E para o sábado día 13 xa non hai casa na Guarda que non teña os seus traxes e saias para nenos e maiores. E as Bandas Mariñeiras xa botan fume entre as varillas dos bombos e as pandeiretas. Sen faltar a Banda Camposina "Do Outro Lado Do Monte". Ah, lembrando sempre San Lorenzo e San Roque en Salcidos, e os días 3 e 4 de setembro á Virxe da Guía.

Días de Cine no Rosal

Do 28 ao 30 de xullo, o Concello do Rosal e a asociación Ghorghalado Cultura e Patrimonio do Rosal organizaron a segunda edición das Xornadas de Cinema do Rosal, cunha oferta cinematográfica difícil de atopar nos circuitos habituais.

Os xardíns da casa rural Abadía das Eiras presentaron as curtametraxes e documentais así como tamén celebrouse o 1º Certame de Videoclips Xuvenís.

Destacaron curtas e documentais como 'Siempre a mano', 'Las muelas del cuco', 'Momentos', 'La inquilina', 'A última noite co Tonio', '¿Viejitos?', 'O que queda', 'Dúas opcións', 'Casa bonita', 'Mamá' e 'Fantasmas', 'Afranio', 'Fils Trencats', 'Cocodrilo', 'Casa bonita' e 'Lurna', 'Patrimonio habitado', unha viaxe polo patrimonio da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés e o documental galego 'Negro púrpura', un retrato da Galicia do século XX a través dun fungo alucinógeno que agroma nos cereais.

As proxeccións das xornadas foron con entrada de balde e ao aire libre.

financiamos
tu compra
12 MESES
SIN INTERESES

laguardia & moreira
ESPAÇOS DE BANHO • CERÁMICA • CLIMATIZAÇÃO

BAIXO MIÑO

Casa Gallega
RESTAURANTE - BAR - MARISQUERIA



CI Bordadores, 11 - 28013 Madrid - Tels. 91 541 30 55 - 56 - Fax 91 559 12 25
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com

RESTAURANTE O CANGREXAL
COCINA MARINEIRA



tel: 986 61 11 07
www.ocangrexal.com

Rúa do Porto, 1 D A Guarda

PLATOS TÍPICOS GALLEGOS
Especialidad en Marisqueras
Lacón con grelos
Caldo Gallego
Pulpo a feira
Viño d'a terra




Se venden grandes Mariscadas para la calle (Obsequio de Viño d'a Terra)
Se celebran Comuniones y Comidas de Empresa

Marisquería Río Miño
Restaurante

De lunes a viernes MENÚ DIARIO MENÚ DE RACIONES

Calle Limón, 9 28015 MADRID **RESERVA DE MESAS**
Tel. 91 547 31 95 y Tel./Fax 91 541 26 34
E-mail: marci_rey@hotmail.com

Ribeira do Miño
marisquería



PLATOS TÍPICOS GALLEGOS
MARISCADAS PARA LLEVAR

Santa Brígida, 1
28004 MADRID
Tel. 91 521 98 54
Tel. 91 531 33 93
www.marisqueriaribeiradomino.com

Desde 1960 a su servicio

Especialidades:
Pulpo con patatas
Estofado de Marisco
Revuelto de la casa
Pescado de la costa



CASA CHUPA OVOs

A Roda, 24 - 36780 A Guarda **986 61 10 15**

Hotel Eli-MAR



Todas las habitaciones con: baño, teléfono automático, wifi, hilo musical y TV, calefacción central y agua caliente central.
Aire acondicionado en calefacción y zonas comunes.

info@eli-marhotel.com www.eli-marhotel.com
Teléfono 986 61 30 00 Vicente Sobrino, 12 A Guarda

Xeito
RESTAURANTE - MARISQUERÍA



ESPECIALIDADES
Pescados y mariscos de la ría
Bogavante con arroz
Entrécot de buey
Confecho o Xeito
Calderada de pescados
Pastres caseros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto)
Telf. 986 610 474 - Móvil: 659 984 234
36780 A GUARDA (Pontevedra)
SERVICIO DE TAXI: 879 413 681



A SÚA TENDA DE SEMPRE **986 611 052**

MERCA VICENTE



AGORA CON MELLORES PREZOS

C/ Concepción Arenal, 53 baixo (na baixada ó Porto) - A GUARDA

Museo del Pan Gallego



EMPANADA - TARTAS
ROSCONES - VICAS
PAN DE CENTENO Y MAIZ fresco todos los días

- HORNO DE LEÑA -
Todo ello fabricado en horno de leña por Técnicas Gallegas

Pza. de Herradores, 9
28013 Madrid
Tfno. 91 542 51 60

museodelpangallego@hotmail.com
www.museodelpangallego.com

RESTAURANTE



TRASMALLO

Reserva en: 986 61 04 73 / 619 72 56 76
Rúa do Porto, 59 A Guarda

Pizzicata
restaurant



Reservas: 986 61 15 34 Rúa Galicia, 55 A Guarda

José Manuel Rodríguez Casal
NOTARIO



C/ Concepción Arenal 75 2ºG 36780 A GUARDA
Telf. 986 611 005 - Fax 986 611 123
e-mail: rodriguezcasal@notariado.org

BAIXO MIÑO

O Muíño e Area Grande non contarán co servizo de socorrismo



A pesar dos esforzos e do compromiso para ofrecer un servizo esencial, como é unha atención adecuada nas dúas praias de referencia da nosa vila, non foi posible contratar socorristas para a prevención e vixilancia nas praias este verán.

A Xunta de Galicia regulou en 2012 mediante Decreto a formación mínima dos socorristas acuáticos e creou o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. En 2017 modificouse ese decreto aumentando as dificultades dos concellos galegos para conseguir os socorristas habilitados necesarios para atender as praias.

O Concello da Guarda tivo dificultades para cubrir a plantilla de socorristas necesarios no verán pasado e cos catro contratados atendeuse a praia do Muíño de luns a domingo e a praia de Area Grande as fins de semana.

En novembro de 2021 a Xunta publicou o novo decreto que regula as condicións para o exercicio profesional das actividades

de socorrismo acuático e aqueles socorristas que non actualizaron a súa formación perderon esa habilitación para exercer como profesionais. O concello de A Guarda tentou realizar cursos de adaptación pero non foi posible. Tampouco tivo aspirantes que reponderan aos 6 postos de socorrista subvencionados pola Xunta.

A 30 de xuño comunicouse a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC) a renuncia expresa as dúas Bandeiras Azuis ante a imposibilidade de dispor do servizo de socorrismo activado con data do 1 de xullo. ADEAC trasladou ao concello da Guarda a ampliación do prazo ata o 10 de xullo para izar bandeira e, inclusive, suavizou o requisito de dous socorristas por praia.

A pesares de todos os intentos, non se conseguiron socorristas. Continuaranse cos contactos coa Xunta de Galicia para trasladar a preocupación por non dispoñer neste verán de servizo de socorrismo nas praias do Muíño e de Area Grande.

Sensibilización en saúde mental



O Concello da Guarda lanza unha campaña de sensibilización en saúde mental en colaboración coa Asociación Avelaíña.

O acto, que tivo lugar na mañá do pasado 22 de xullo no Concello da Guarda,

contou coa presenza de Antonio Lomba, alcalde de A Guarda; Fátima Rodríguez concelleira de educación; Patricia Cuña, técnica da OMIX; Clara Suárez psicóloga de Asociación Avelaíña e Rafael Álvarez, Director Xerente da Asociación Avelaíña.

Potenciar o Camiño Portugués da Costa

O Concello da Guarda, a través da Concelaría de Turismo, ven de por en marcha neste ano 2022 diversas iniciativas encamiñadas a por en valor e potenciar o Camiño Portugués da Costa ao seu paso pola vila.

Neste senso, no pasado mes de marzo lanzouse unha nova imaxe do Camiño Portugués da Costa, como primeiro concello galego deste camiño oficial dende o ano 2016.

Esta nova marca que inclúe as ondas do mar e a cuncha de peregrino coas cores de



referencia ao Camiño de Santiago, o amarelo e o azul. Ademais no deseño destaca o azul claro facendo referencia á cor da auga da desembocadura do Miño e do costa que acompaña ao peregrino.

TABERNA MACÉIRA

... empanadas, lacón, sepia,
berberechos, mejillones,
navajas, arroz, merluza,
pulpo, vinos ... GALLEGOS



TABERNA MACÉIRA

T. 914291584

MACÉIRA HUERTAS 66

T. 914295818

BELEAR HUERTAS 64

T. 914294293

MADRID 28014

Concedido ao Concello de Tui o obradoiro dual de emprego “Senda río Furnia”

O Concello de Tui vén de recibir a notificación da Consellería de Emprego e Igualdade da concesión dunha subvención de 503.987,00 € para a realización do obradoiro dual de emprego “Senda río Furnia”, nas parroquias de Malvas e Pexegueiro.

No proxecto formaranse 20 alumnos e alumnas nas especialidades de “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” e outra de madeira de “Montaxe e instalación de construcións de madeira”. Ao remate desta acción formativa, o alumnado recibirá o correspondente certificado de profesionalidade nestas dúas profesións.

O obxectivo é recuperar a riqueza natural e cultural da conca do río Furnia no termo municipal de Tui, coa creación dunha senda de 4.650 metros á beira do río.

O alcalde Enrique Cabaleiro e a concelleira de Emprego e Formación, Ana Núñez, amosan a



súa satisfacción pola consecución deste novo obradoiro de emprego que ofrecerá competencias para acceder ao emprego mellorando o currículo destas vinte persoas.

O proxecto inclúe, por unha banda, a integración ambiental do propio curso fluvial e, por outra, unha senda peonil de 4.650 metros de lonxitude na zona de servidume de tránsito do río nas parroquias de Malvas e Pexegueiro. Para a súa execución contéplase a limpeza de vexetación, colocación de tocos de sinalización,

paneis informativos, varandas e pontellas de madeira.

O proceso de selección comezará nas próximas semanas e as persoas interesadas en participar deberán estar inscritas na oficina de emprego nas áreas correspondentes. O alumnado deberá estar en posesión do graduado en ESO ou superior, ser maior de 18 anos. As persoas desempregadas que cumpran as condicións desenvolverán un traballo remunerado de interese xeral en beneficio dos veciños e veciñas de Tui.

Festa gastronómica do Miño en Tui



Este 13 de agosto celébrase unha nova edición da Festa do Miño, un evento que conta co apoio do Concello de Tui e de asociacións culturais tudenses e que se estenderá ao longo da xornada con múltiples actividades dende a romaría popular, e o descenso popular do Miño, á Festa Gastronómica e o

concerto da Banda Xangai.

A Festa Gastronómica celebrarase o sábado, 13 de agosto, de 20 a 00 h na rúa Compostela, no tramo comprendido entre as rúas Ourense e Betanzos. Todas as persoas que vendan alimentos nos postos deberán estar en posesión do Carné de Manipulador de Alimentos.

Tui lanza o programa “Feminino Plural”

O Concello de Tui vén de pór en marcha Feminino Plural, un programa innovador, integral e intensivo para o impulso das mulleres. Esta semana tivo lugar, na Aula da UNED, a presentación do mesmo por parte da concelleira de Igualdade, Ana Mª Núñez, e das técnicas que conforma o equipo

multidisciplinar desta acción.

Até o 30 de setembro Feminino Plural abordará catro eixos: a formación, a atención xurídica, a atención psicolóxica e o asesoramento para o emprego, intermediación e prospección laboral. Ao longo dos próximos meses traballarase de xeito transversal nestas áreas para acadar a plena auto-

nomía das mulleres tudenses.

Feminino Plural brinda tanto atención individualizada coma actividades grupais nos obradoiros e talleres formativos que están organizados. O programa desenvolverase no centro urbano, pero tamén nas parroquias onde haxa un mínimo de 8 mulleres inscritas.

Plan de acción da Axenda Urbana en Tui

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, presentou ante a cidadanía participante a diagnose da Axenda Urbana de Tui. O alcalde fai tamén extensivo o seu agradecemento a todas as persoas participantes nas mesas de traballo, nas entrevistas semiestruturadas e nas enquisas telefónicas realizadas no pro-

ceso de participación que permitiu presentar, agora, a análise DAFO de Tui.

Ao longo dos últimos meses a cidadanía traballou en equipo coa Axenda Urbana para analizar as principais eivas e fortalezas e salientar os aspectos máis positivos así como aportar iniciativas ou ideas que foron recollidas na diagnose.

**forjados
hinos. duran s.l.**



www.forjadosduran.com

Bicimecánica
Toñi Porto

Horario: 10:00h a 13:30h - 16:00h a 20:00h



Rúa Esperanza, 10 - PONTEAREAS
Telf. 986 18 24 65 - trporto@hotmail.com

BAIXO MIÑO / VAL MIÑOR

O público aplaudiu a segunda edición do FIAR na Eurocidade Tui-Valença

Consolidación xa na súa segunda edición do FIAR, o Festival Internacional de Artes de Rúa da Eurocidade Tui-Valença, que se celebrou o venres 22, o sábado 23 e o domingo 24 de xullo. Foron tres intensas xornadas nas que as rúas e prazas de Valença e Tui se encheron de música, humor, danza, maxia... e dos aplausos do público. Consolidación tamén do festival tanto pola acollida por parte do público como pola calidade dos espectáculos programados.

Dende a tarde do venres, cando tiveron lugar os primeiros espectáculos, ata a última hora do domingo, o Jardim das Amoreiras e a praça da República na Fortaleza, e o Jardim Municipal de Valença, xunto ao Paseo da Corredoira e a praça de San Fernando en Tui, convertéronse no escenario de 24 espectáculos de artistas españois, portugueses e italianos que se deron cita no FIAR 2022.

A música de Galiró e do Trío Detrés percorreu as rúas da Eurocidade onde os temas musicais se mesturaron co humor. The Buckets coa súa orixinal percusión encheu de ritmo a tarde do sábado, mentres que Kumpania Algazarra, o sábado, e os grupos Fóra da Pauta e Old Brige, o domingo, animaron a noite no Jardim Municipal. O Jardim das Amoreiras acolleu na tarde do venres a presentación das marionetas xigantes de peixes confeccionadas polos asistentes ao obradoiro que Man-



drágora ofreceu ao longo da semana en Valença. Pola súa banda, Troula Animación percorreu con humor e maxia as rúas de Tui co seu particular dentista.

La Sincro conquistou ao público o venres á noite na praça de San Fernando coa súas particulares olimpíadas, mentres que, chegados dos anos 50, os personaxes de La Coquette fixeron gala de enxeño, acrobacia e bo humor coa compañía Kanbahiota.

A tenrura da marioneta de Catropés conquistou a pequenos e maiores no seu particular paseo polas rúas de Valença e Tui, movendo os fíos con Animacrequetes.

E aínda houbo máis, con Rolando Rondinelli e Fermín Mora, que captaron toda a atención do público coas súas actuacións, nas que os propios espectadores foron tamén parte do espectáculo. Mentres, no Paseo da Corredoira, La Gata Japonesa camiñou sobre botellas con mensaxes, e se columpiou sobre un mar que mesmo lle falaba contaxiando o seu sorriso as persoas que se achegaron a ver ao es-

pectáculo. O mago Adrián Conde fixo o propio o domingo cunha calorosa acollida por parte do público. Houbo tempo tamén para cidadáns exemplares coma o que Comedias do Minho levou a escena o venres pola noite.

Tras o éxito e consolidación desta segunda edición, a Eurocidade Tui-Valença proseguen o seu traballo conxunto para comezar a trazar xa as primeiras liñas dun festival que ten convertido ás dúas cidades na capital das artes de rúa. O obxectivo é seguir apostando polo seu crecemento tanto en público coma en número e calidade dos espectáculos. Agora o obxectivo é que esta proposta para o público poida seguir mellorando ano a ano tanto nos espazos onde se celebra coma nos horarios e tipos de espectáculos.

No verán de 2023 volverá o FIAR, xa na súa terceira edición. O Festival Internacional de Artes de Rúa forma parte do proxecto Unicidade, co-financiado polo programa Interreg V-A, España-Portugal, 2014-2020.

Oia mellora o acceso ao centro de Pedornes



O Concello de Oia vén de comezar os traballos no camiño público que comunica a estrada PO-552 co centro da parroquia de Pedornes para mellorar o acceso á subida do Calvario.

Esta actuación está financiada

ao abeiro do Plan Concellos 2022 (líña 1: investimentos) da Deputación de Pontevedra. O investimento total foi de 27.503,42 euros, que inclúen os traballos, a dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde.

“Noite de Estrelas” na Serra da Groba

O Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) convida para este 3 de agosto á “Noite de Estrelas”, unha iniciativa de observación astronómica dende os cumios da Serra da Groba, co espectacular solpor sobre o mar de Baiona e Panxón

e sobre o Val de Miñor.

Os organizadores recomentan levar roupa de abrigo, sendo unha actividade estática, nocturna e ao aire libre, así como manta ou esterilla, ou mesmo unha cadeira lixeira. Contarase igualmente con intérprete de lingua de signos.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNS
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Esgotadas as prazas para os cursos da Escola de Letras

Unha soa xornada esgotáronse este 1º de agosto as prazas para os dous novos obradoiros da Escola de Letras da Deputación de Pontevedra e a Editorial Galaxia que se celebrarán a partir de setembro, impartidos polos docentes Diego Giráldez e Anna Figueiredo en Vigo e Pontevedra. Para ambos hai tamén unha ampla lista de agarda, para o caso en que se produzan baixas.

O obradoiro literario que ofrecerá Diego Giráldez terá 5 sesións (os días 13, 20 e 27 de setembro e 4 e 11 de outubro) e celebrase na sede da Deputación en Vigo en horario de 18 a 20



horas, mentres que o obradoiro de Anna Figueiredo celebrarase no Edificio Administrativo da Deputación en Pontevedra os días 19 e 26 de setembro; 3, 10, 17 e 24 de outubro e 7 e 14 de novembro de 19 a 21 horas e leva por título “Escribir,

xéneros, técnicas, temáticas”.

Por outra banda, en setembro abrirase a inscrición para o derradeiro dos obradoiros previstos neste 2022, que ofrecerá a autora Elvira Ribeiro en Pontevedra e que terá lugar en outubro, os días 18 e 25.

Máis de 400.000€ para Salvaterra, Cuntis e Oia



A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou 404.010 euros da liña 1 de Investimentos do Plan Concellos para Salvaterra de Miño, Cuntis e Oia, que serán empregados para realizar actuacións de mellora en edificacións e viarios municipais.

Salvaterra terá 165.400€ para mellorasen casas culturais de Fiolledo, Corzáns, Meder, Leirado,

Soutolobre, Lourido e Alxén así como no xulgado deste concello. Oia empregará 78.760 euros para realizar actuacións na oficina de turismo e outras instalacións municipais. Por último, Cuntis recibirá 159.850€ para mellorar seis viarios municipais que dan acceso aos núcleos rurais de Magán, A Torre, Sobrada, Piñeiros, Soutelo e Guimarei.

O vestido tradicional galego chega ao Museo de Pontevedra

Dende o 6 de agosto ata o 16 de outubro o Museo de Pontevedra albergará a exposición “Ruth Matilda Anderson. Unha viaxe pola indumentaria tradicional de Galicia” que representa as vestimentas tradicionais fotografadas por esta artista estadounidense nas súas viaxes a Galicia entre os anos 1924 e 1926

Esta exposición é organizada polo Museo en colaboración coa



Hispanic Society de Nova York, que se encargou de aportar o material fotográfico e comisiariada pola pontevedresa Asociación Etnográfica Sete Espadas. Con máis de 75 traxes e

150 fotografías, a mostra reproduce cada unha das vestimentas fotografadas por Ruth Matilda Anderson na súas viaxes a Galicia entre 1924 e 1926 por encargo da Hispanic Society de Nova York.

A exposición fará un percorrido pola vida, indumentaria e costumes, especialmente das mulleres, da Galicia a comezos do século XX. Tamén se publica un catálogo, que recolle máis de 300 fotografías da autora.

A CUT denuncia as condicións laborais en Citroën



A Central Unitaria de Traballadores (CUT) denunciou que a dirección de Citroën incumpe co protocolo de prevención polas altas temperaturas, polo que non evita as incomodidades, molestias e incluso risco para a saúde de traballar nunhas condicións ambientais que non son as óptimas, con unhas cargas de traballo excesivas, problemas de adaptacións dos postos e ritmos moi altos.

Denuncia tamén que o actual protocolo de altas temperaturas é unha parche totalmente insuficiente coa única misión de evitar o cumprimento da norma legal en materia de condicións ambientais. O pasado 28 de xullo volveuse reiterar a denuncia desta situación ante a Inspección de Traballo posto que e o organismo que debe velar polo cumprimento das nosas normas laborais.

Conciliación e deporte no Campus de Covelo

Facilitar a conciliación familiar e laboral foi o obxectivo dunha nova edición do Campus Multideporte do Concello de Covelo. Trinta nenas e nenos participaron durante todo o mes de xullo nas diferentes actividades ofertadas.

Cada mañá, de 10 a 14 horas, desfrutaron de xogos, rutas, diferentes deportes, obradoiros, saídas e refrescáronse na piscina municipal.

Na procura constante de ofrecer máis e mellores servizos pú-



blicos o alcalde, Pablo Castillo, explica que é unha prioridade para o goberno local ofertar todos os servizos posibles na lo-

calidade para facilitar o día a día da veciñanza e, ademais, facer posible que novas familias poidan apostar por Covelo.

CONDADO/PARADANTA

As comunidades de montes vixían A Picaraña para evitar incendios

As Comunidades de Montes de Pontearreas e Arcos veñen de poñer en marcha, coma en anos anteriores, un dispositivo de vixilancia no monte da Picaraña. O operativo está formado por algo máis de 100 persoas inscritas como voluntarias.

O dispositivo de vixilancia disuasoria consiste na patrullaxe polas pistas e camiños do monte, vixilancia en lugares estratéxicos e control nas estradas de acceso ao monte.

As previsións de altas temperaturas continuadas previstas para esta semana levou ás comunidades veciñais a activar a vixilancia, tal e como veñen facendo desde o ano 2007.

Nos últimos anos as comunidades

teñen reforzado as medidas de prevención de lumes mediante a corta do arborado situado a menos de cinco metros das aristas das pistas forestais ou habilitando cortallumes naturais en todas as zonas de regatos, cortando os piñeiros e mantendo unicamente unha franxa de frondosas de 25 metros de anchura. Nos últimos catro anos as comunidades, en colaboración co Concello de Pontearreas, eliminaron xa superficies considerables de acacia australiana que supuñan un factor de agravamento dun lume forestal.

As persoas interesadas en colaborar como voluntarias poden contactar coas comunidades en parroquiadearcos@gmail.com.

ACiP denuncia o peche dos “chiringuitos” da Freixa



A situación de peche e abandono dos “chiringuitos” da Freixa é unha máis da falta de control e cumprimento das concesións municipais do BNG-PSOE.

Por todos os visitantes é coñecido o abandono que presenta a praia fluvial da Freixa que cada ano vai en aumento o seu deterioro; falta de limpeza, inexistencia de papeleiras, baños públicos en estado lamentable e sen acceso a persoas con mobilidade reducida, etc.

Os “chiringuitos” levan varios anos pechados propiciando roubos constantes. Sen esquecer o perigo que supón para os bañistas pola falta de seguridade ante ausencia de valados.

Están en réxime de concesión por parte do Concello co que lle corresponde ao mesmo vixiar e realizar seguimento

para que cumpran co estipulado na Concesión; caso contrario debería ser rescindida e ofertada de novo. O Concello mira para outro lado.

Non nos vale que cada catro anos saquen da chistera un novo proxecto de obras nesta contorna. Cantos proxectos van e canto nos levan custado eses proxectos que agora quedaron atrás. No ano 2019 aprobouse un proxecto e financiamento de máis de 300.000 euros, onde está o diñeiro? Agora como veñen eleccións volven aprobar outro para o 2023. En resumen, unha tomadura de pelo a seguir vendendo fume.

Juan Carlos González Carrera, Portavoz Municipal de ACiP, apunta que é necesario un cambio de rumbo no Concello e que teñamos un goberno que priorice as obras e cumpra os seus compromisos.

Campamento de verán en Arbo



O Concello de Arbo organiza o Campamento de Verán de Arbo no C.E.I.P Antonio Carpinero.

Este evento é cofinanciado pola Xunta de Galicia, é unha medida facilitadora da conciliación familiar durante os meses de

xullo e agosto, nos que os rapaces non teñen actividade académica; un espazo lúdico-formativo no que se fomentarán valores con xogos, actividades e accións lúdicas.

ROMARÍA SAN ROQUE 2022

16 DE AGOSTO
NA CARBALLEIRA DE TURBELA

10.00H. PASARRÚAS POLA BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO

11.00H. PROCESIÓN DENDE A IGREXA PARROQUIAL DE ARBO ATA A CARBALLEIRA DE TURBELA

11.30H. MISA SOLEMNE DE CAMPAÑA CANTADA POLA "CORAL POLIFÓNICA DE ARBO"

13.00H. CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO

14.00H XANTAR CAMPESTRE AMENIZADO POLO GRUPO "PRISMA"

17.00H XOGOS POPULARES

19.00H BAILE POPULAR AMENIZADO POLO GRUPO "PRISMA"

Organiza:

ARBO



GALA da LXII Festa da Lamprea

12 de Agosto, 2022 ARBO
20:30H - Praza do Consistorio

Entrega dos premios aos gañadores do Certame Brais Alonso, Concurso de Cartéis "LXII Festa da Lamprea", 2º Certame Fotográfico e Concurso Cartéis e Redacción dos alumnos do CEIP Antonio Carpintero de Arbo.

Felicitación ás Mulleres Rurais de Arbo polo 20 aniversario.
Recoñecemento a deportistas de Arbo polos logros acadados.
Entrega do distintivo de Arbense Distinguido.

Actuación de "MANOLE DE FELISA"

ARBO



VODAS DE OURO 2022

6 DE AGOSTO
ÁS 21:00 HORAS

PLAZA DO CONCELLO

ANTONIO BARROS
CON !!ALMA!

Con "Idha"

Concello de ARBO

XXVI FESTA DA LAMPREA SECA

VENRES **12** DE AGOSTO

- 12:30 h. Inauguración POSTOS DE DEGUSTACIÓN DA LAMPREA SECA E VIÑOS DAS ADEGAS DE ARBO CON D.O RÍAS BAIXAS
- 12:00-22:00 h. Actuación da Charanga **"Noroeste"**
- 20:30 h. GALA DA LAMPREA" Ás 20.30h, na Praza Consistorio, amenizado por **"Manole de Felisa"**
- 22:30 h. Actuación do grupo **"LOS MÉCANICOS"**, cun percorrido pola mellor música pop dos anos 60 e 70 na Carballeira de Turbela.

SÁBADO **13** DE AGOSTO

- 10:00 h. ANDAINA POPULAR, saída dende o Museo Arbo e chegada a Carballeira de Turbela.
Inscripción no Concello de Arbo ou no e-mail oficinas.concellodearbo@gmail.com
- 11:00 h. Apertura POSTOS DE DEGUSTACIÓN DA LAMPREA SECA E VIÑOS DAS ADEGAS DE ARBO CON D.O RÍAS BAIXAS.
Pasarrúas e actuación da Charanga **"Cantos Somos"**
- 11:00-22:00 h. Feira de Artesanía e Antigüidades
- 11:00-20:00 h. Visitas Guiadas ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arbo".
- 12:00 h. Actuación do Grupo Folclórico **"A.C. Barca de Loimil"**
- 12:30-15:30 h. Actuación do grupo **"O son das tabernas"**
- 17:30 h. Actuación da Charanga **"Cantos somos"**
- 18:00 h. HINCHABLE GRATUITO
- 20:00 h. Concierto do grupo **"Guezos"**
- 22:30 h. Concierto do grupo **"D'Vacas"**

DOMINGO **14** DE AGOSTO

- 10:00 h. FESTA DA BICICLETA. Saída dende a Praza do Concello e chegada a Carballeira de Turbela. Inscripción no Concello de Arbo ou no e-mail oficinas.concellodearbo@gmail.com.
- 11:00 h. Apertura de POSTOS DE DEGUSTACIÓN DA LAMPREA SECA E VIÑOS DAS ADEGAS DE ARBO CON D.O RÍAS BAIXAS, pasarrúas e actuación da Charanga **"Os Encerellados"**
- 11:00-22:00 h. Feira de Artesanía e Antigüidades
- 11:00-20:00 h. Visitas Guiadas ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arbo".
- 12:00 h. Actuación do Grupo Folclórico **"A.C. A Vella Barca"**
- 12:30-15:30 h. Actuación do grupo **"2TIPOS"**
- 17:30 h. Actuación da Charanga **"Os Encerellados"**

